



CONCELLO DE RÁBADE

Praza 28 maio, s/n
RÁBADE
(LUGO)
Tel-982390062-982390952
Fax-982390411

AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN, CURSO 2010/2011-CONCELLO DE RABADE

BAREMO AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN **CURSO 2010/2011**

MEMORIA DESCRIPTIVA

O Concello de Rábade, dispón dun colexio de educación primaria e dun instituto de ensinanza secundaria obrigatoria.

Entre ambos contabilízanse máis de 500 alumnos. Ós alumnos que residan neste Concello irán destinadas as axudas económicas obxecto desta solicitude, que se irán concedendo en función da puntuación acadada por cada solicitante segundo o baremo establecido. Así iranse concedendo as axudas por orde de puntuación e ata rematar o presuposto.

Estas axudas teñen por obxecto, que aquelas familias con menos recursos económicos podan facer fronte ós gastos derivados da adquisición de libros de texto, de material escolar, roupa e calzado para os menores escolarizados na ensinanza infantil ou obrigatoria.

1.BAREMO APLICADO PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

REQUISITOS PREVIOS:

- Estar empadroado no Concello cunha anterioridade de tres meses á data da solicitude.
- Quedarán directamente excluídos do dereito á axuda aquelas familias que dispoñan dunha renda percápita superior ós 5.000,00€ ou aos, 6.500,00€ no caso de ser familias monoparentais Para calcular a renda familiar tomarase como referencia o exercizo fiscal de 2009, excepto nos casos nos que as familias visen mermados os ingresos en 2010 por causas sobrevidas, tomándose como referencia a media dos ingresos de 2010. Calcularase neste caso os ingresos de xaneiro a agosto extrapolándoos ao resto dos meses ata decembro.
Entendese por unidade familiar, para o cálculo da renda a formada polos pais(ou tutor/es) e os fillos, contabilizando as rendas dos pais(ou tutor/es) dos menores.
- As axudas irán destinadas a cubrir total ou parcialmente os gastos que ocasione a compra de libros de texto que non sexan financiados por outra administración, e adquisición de material escolar, (material funxible:libretas, cadernos, bolígrafos, lápices...., mochilas), roupa e calzado, de menores escolarizados en ensinanza infantil ou obrigatoria.



CONCELLO DE RÁBADE

Praza 28 maio, s/n
RÁBADE
(LUGO)
Tel-982390062-982390952
Fax-982390411

BAREMO ECONÓMICO:

Renda percápita anual das familias	Puntos
Menos de 1.803'04 €	50 puntos
Entre 1.803'04 e 2.103'54 €	45 puntos
Entre 2.103'55 e 2.404'05 €	40 puntos
Entre 2.404'06 e 2.704'55 €	35 puntos
Entre 2.704'56 e 3.005'06 €	30 puntos
Entre 3.005'07 e 3.305'57 €	25 puntos
Entre 3.305'58 e 3.606'07 €	20 puntos
Entre 3.606'08 e 3.906'58 €	15 puntos
Entre 3.906'59 e 4.600,00 €	10 puntos
Entre 4,600,01 e 5,000,00€	5 puntos

Renda percápita anual das familias monoparentais

Menos de 2.000,00 €	50 puntos
Entre 2.000,01 e 2.500,00 €	45 puntos
Entre 2.500,01 e 3.000,00 €	40 puntos
Entre 3.000,01 e 3.500,00 €	35 puntos
Entre 3.500,01 e 4.000,00 €	30 puntos
Entre 4.000,01 e 4.500,00 €	25 puntos
Entre 4.500,01 e 5.000,01€	20 puntos
Entre 5.000,01 e 5.700,00 €	15 puntos
Entre 5.700,01 e 6.000,00 €	10 puntos
Entre 6.000,01 e 6.500,00€	5 puntos

BAREMO DE PATRIMONIO

Menos de 10.000,00€	Non se restan puntos
Entre 10.001,00€ e 14.999,00€	-5 puntos
Entre 15.000,00€ e 20.999,00€	-10 puntos
Entre 20.000,00€ e 25.999,00€	-20 puntos
Entre 25.000,00€ e 30.999,00€	-30 puntos
Entre 31.000,00 e 36.999,00€	-40 puntos
Máis de 36.000,00€	-50 puntos



CONCELLO DE RÁBADE

Praza 28 maio, s/n
RÁBADE
(LUGO)
Tel-982390062-982390952
Fax-982390411

PUNTUACIÓN POR VIVENDA

Vivenda en aluguer	5 puntos
Vivenda propia pagándose	3 puntos
Vivenda propia pagada ou cedida	0 puntos

PUNTUACIÓN POR MENORES

Un menor	1 punto
Dous menores	3 puntos
Tres menores	6 puntos
Máis de tres menores	10 puntos

2. CONTÍA DAS AXUDAS

A contía das axudas distribuirase do seguinte xeito:

<u>Libros de texto</u>	<u>Puntuación</u>	<u>Material escolar por menor</u>
<input type="checkbox"/> 80%	55-65puntos	35,00 €
<input type="checkbox"/> 70%	50-54puntos	30,00 €
<input type="checkbox"/> 60%	40-49puntos	25,00 €
<input type="checkbox"/> 50%	30-39puntos	25,00 €
<input type="checkbox"/> 40%	20-29puntos	20,00 €
<input type="checkbox"/> 20%	19 -1 puntos	20,00 €

Poderán obter o 100% da axuda aqueles solicitantes, sempre que obteñan máis de 55 puntos que sendo beneficiarios de RISGA, ou outros recursos similares, se considere esta axuda imprescindible para a debida escolarización dos menores.

Non terá dereito a axuda quen acade puntuación negativa (0 ou menos puntos)

3. CONTROL E SEGUEMENTO

Antes de facer o pago requirase ós beneficiarios factura xustificativa da compra de libros de texto, material escolar, roupa e calzado.